

é dicir, nove kcal/g. Por tanto, é necesario adoptar o factor de conversión adecuado para o salatrim á hora de calcular o valor enerxético declarado do produto alimenticio.

Mediante este real decreto procédese a incorporar ao noso ordenamento xurídico interno a Directiva 2003/120/CE da Comisión, do 5 de decembro de 2003, pola que se modifica a Directiva 90/496/CEE relativa á etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16. da Constitución que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e de acordo co establecido no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na elaboración deste real decreto foron oídas as comunidades autónomas e os sectores afectados e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de novembro de 2004,

DISPÕÑO :

Artigo único. *Modificación da norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 930/1992, do 17 de xullo.*

O artigo 6 da norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 930/1992, do 17 de xullo, queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Factores de conversión para o cálculo do valor enerxético que hai que declarar na etiqueta.*

O valor enerxético que se declare calcularase mediante os seguintes factores de conversión:

- a) Hidratos de carbono (agás os polialcohois): 4 kcal/g = 17 kJ/g.
- b) Polialcohois: 2,4 kcal/g = 10 kJ/g.
- c) Proteínas: 4 kcal/g = 17 kJ/g.
- d) Graxas: 9 kcal/g = 37 kJ/g.
- e) Alcohol (etanol): 7 kcal/g = 29 kJ/g.
- f) Ácidos orgánicos: 3 kcal/g = 13 kJ/g.
- g) Salatrim: 6 kcal/g = 25 kJ/g.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16. da Constitución que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e en virtude do disposto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

19343 *ORDE ECI/3686/2004, do 3 de novembro, pola que se ditan normas para a aplicación do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos estranxeiros de educación superior. («BOE» 275, do 15-11-2004.)*

O Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, regula as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior. O seu artigo 7.2 establece, a propósito da iniciación do procedemento de homologación, que, por orde do ministro de Educación e Ciencia (antes de Educación, Cultura e Deporte), se determinarán os modelos normalizados de solicitude, a documentación xustificativa do contido da petición e os requisitos a que se deben axustar os documentos necesarios para iniciar o procedemento. Por outra parte, o artigo 16.1 deste real decreto encomenda a este mesmo departamento a aprobación dos modelos de credenciais en que se deben formalizar as resolucións de homologación. Finalmente, a disposición derradeira terceira do citado real decreto autoriza o ministro de Educación e Ciencia, no ámbito das súas competencias, para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do real decreto.

Este real decreto, que veu substituír o Real decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, unha norma con máis de 15 anos de vixencia que se debía adecuar a un contexto normativo, social e educativo radicalmente distinto, trata de cumprir os seguintes obxectivos: conseguir a simplificación e celeridade na resolución dos expedientes e dotar de coherencia os distintos elementos que configuran un procedemento que pon en relación sistemas educativos en ocasións moi diferentes.

En liña con eses obxectivos, esta orde pretende avanzar no camiño de simplificación das exixencias de achega documental, que se iniciou na Orde ECD/272/2002, do 11 de febreiro, para a aplicación do Real decreto 86/1987. Esta orde suprimiu a necesidade de achegar o título estranxeiro orixinal e especificou os documentos orixinais que debían permanecer no expediente, unha vez finalizado o procedemento. Agora considérase adecuado ir máis alá, reducindo ao máximo toda obriga de achegar documentación orixinal, que se poderá substituír con carácter xeral por fotocopias compulsadas, e, en consecuencia, eliminando tamén toda necesidade de recibir, custodiar e devolver documentos orixinais, cuestión que se converteu nun importante lastre para o funcionamento dos servizos.

Esta orde regula tamén, por primeira vez, os modelos de credencial de homologación e as características técnicas de seguridade dos soportes. Tamén, de acordo co disposto no artigo 16.3 do Real decreto 285/2004, se recolle a súa inscrición nunha sección especial do Rexistro Nacional de Títulos Oficiais a que se refire o Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios.

Na súa virtude, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Primeiro. *Modelos e lugar de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes de homologación de títulos estranxeiros de educación superior a títulos españois do Catálogo de títulos universitarios oficiais axustaranse ao modelo que se publica como anexo I a esta orde.

2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Ministerio de Educación e Ciencia, ou en calquera dos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, desenvolvido polo artigo 2 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado.

Segundo. *Documentos preceptivos.*—As solicitudes deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

a) Copia compulsada do documento que acredite a identidade e nacionalidade do solicitante, expedido polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia ou polas autoridades españolas competentes en materia de estranxeiría. No caso dos cidadáns españois, fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) Copia compulsada do título cuxa homologación se solicita ou da certificación acreditativa da súa expedición.

c) Copia compulsada da certificación académica dos estudos realizados polo solicitante para a obtención do título, na cal consten, entre outros extremos, a duración oficial, en anos académicos, do plan de estudos seguido, as disciplinas cursadas e a carga horaria de cada unha delas.

Terceiro. *Documentos adicionais para a homologación ao título de doutor.*

1. Cando se trate de solicitudes de homologación ao título de doutor, deberase xuntar tamén unha memoria explicativa da tese realizada, redactada en castelán, así como un exemplar desta, con indicación dos membros que compuxeron o xurado da tese e a cualificación obtida, se é o caso.

2. Non se poderá conceder a homologación a un título español de posgrao cando o interesado non estea en posesión do título español de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, ou do correspondente título estranxeiro homologado, de acordo co disposto no artigo 5.3 do Real decreto 285/2004. Non obstante, o órgano instructor comprobará de oficio o cumprimento deste requisito, a través dos seus rexistros, sen que sexa necesaria a achega de documentación acreditativa polos interesados, excepto cando, existindo dúbidas, sexa requirido polo dito órgano.

Cuarto. *Documentación complementaria.*—O órgano instructor poderá requirir, ademais, outros documentos que considere necesarios para a acreditación da equivalencia entre a formación conducente á obtención do título estranxeiro achegado e a que se exige para a obtención do título español co cal se pretende homologar, incluíndo se é o caso os programas das disciplinas nos cales se reflicta o contido e a amplitude con que foron cursadas, ou a documentación académica acreditativa de ter superado, na súa totalidade, os estudos exixidos para o acceso a aqueles cursados para a obtención do título cuxa homologación se solicita.

Quinto. *Requisitos dos documentos.*—Os documentos expedidos no estranxeiro deberán axustarse aos requisitos seguintes:

a) Deberán ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes para iso, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate.

b) Deberanse presentar legalizados por vía diplomática ou, se é o caso, mediante a apostila do Convenio da Haia. Para efectos do disposto no punto sexto desta orde, sobre achega de copias compulsadas, a legalización ou apostila deberán figurar sobre o documento orixinal, antes da realización da copia que se vaia compulsar. Este requisito non se exixirá aos documentos expedidos polas auto-

ridades dos Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

c) Deberán ir acompañados, se é o caso, da súa correspondente tradución oficial para o castelán. En principio, non será necesario achegar tradución oficial do exemplar da tese de doutoramento que se debe presentar coas solicitudes de homologación ao título de doutor, nin dos documentos complementarios a que se refire o número cuarto desta orde, sempre que iso non impida a súa adecuada valoración.

Sexto. *Achega de copias compulsadas.*

1. A achega a estes procedementos de copias compulsadas, a que se refire o punto segundo desta orde, rexerese polo disposto no artigo 8 do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado.

2. Na oficina de rexistro en que presente a súa solicitude, o interesado achegará, xunto con cada documento orixinal, unha fotocopia deste. A oficina de rexistro realizará o cotexo dos documentos e copias, comprobando a identidade dos seus contidos, devolverá os documentos orixinais ao interesado e unirá as copias á solicitude, unha vez dilixenciadas cun selo ou acreditación de compulsa, nos termos sinalados no artigo 8.2 do Real decreto 772/1999.

3. Se as fotocopias estivesen xa cotexadas e legalizadas ante notario ou polas representacións diplomáticas ou consulares de España no país de onde proceda o documento, non será necesaria a presentación simultánea do orixinal.

4. Con carácter xeral, non se achegarán documentos orixinais a estes procedementos, excepto cando se poidan requirir de acordo co disposto no punto cuarto ou o punto sétimo desta orde. Non procederá a devolución aos interesados de ningunha documentación achegada, unha vez finalizado o procedemento, agás nos casos excepcionais en que se trate de documentos orixinais e resulte posible e procedente esa devolución.

Sétimo. *Validación dos documentos.*—En caso de dúbida sobre a autenticidade, validez ou contido dos documentos achegados, o órgano instructor poderá efectuar as dilixencias necesarias para a súa comprobación, así como dirixirse á autoridade competente expedidora deles para validar os extremos dubidosos.

Oitavo. *Resolución.*—A resolución do procedemento, que se ditará de acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto 285/2004, realizarase mediante orde do ministro de Educación e Ciencia, expedida por delegación polo secretario xeral técnico do departamento.

Noveno. *Credenciais.*

1. As resolucións que concedan a homologación de títulos estranxeiros de educación superior formalizaranse mediante credencial expedida pola Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións do Departamento, axustada ao modelo que se publica como anexo II desta orde. Cando a homologación quedase condicionada á previa superación de requisitos formativos complementarios, a credencial expedirase cando se acreditase perante o órgano instructor o cumprimento destes requisitos.

2. As credenciais expediranse sobre soporte de papel celulósico tamaño UNE A-4, exento de branqueante óptico, con fibras invisibles de resposta á luz ultravioleta e coas demais características de seguridade que determine a Secretaría Xeral Técnica do Departamento.

3. A entrega da credencial ao interesado realizarase a través da Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións do Departamento, ou ben a través da Área de Alta Inspección de Educación na Comunidade Autónoma, Dirección Provincial do Departamento, ou Consellería de Educación e Ciencia da Embaixada de

España, en cuxo ámbito se encontre o domicilio indicado polo interesado.

Décimo. *Rexistro das credenciais.*

1. As credenciais de homologación quedarán inscritas nunha sección especial do Rexistro Nacional de Títulos Oficiais a que se refire o Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios.

2. Mediante instrucións do secretario xeral técnico do departamento, determinarase a estrutura desta sección especial e a forma en que se realizarán as referidas inscricións.

Décimo primeiro. *Réxime transitorio dos procedementos.*—Os procedementos de homologación que fosen iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta orde tramitaranse de acordo coa normativa anteriormente vixente.

Décimo segundo. *Derrogación normativa.*—Queda derrogada a Orde ECD/272/2002, do 11 de febreiro, para a

aplicación do disposto no Real decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido nesta orde.

Décimo terceiro. *Aplicación.*—Autorízase o secretario xeral técnico do departamento para ditar as instrucións necesarias para a aplicación desta orde.

Décimo cuarto. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

O que lle comunico a V. I. para o seu coñecemento e efectos.

Madrid, 3 de novembro de 2004.

SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

Ilmos. Sres. Subsecretario e Secretario Xeral Técnico.

ANEXO I

**SOLICITUDE DE HOMOLOGACIÓN DE TÍTULO ESTRANXEIRO
DE EDUCACIÓN SUPERIOR A UN TÍTULO ESPAÑOL DO CATÁLOGO DE TÍTULOS
UNIVERSITARIOS OFICIAIS**

Páx. 1 (anverso)

1. DATOS DO SOLICITANTE

Apelidos	Nome
Lugar e data de nacemento	Nacionalidade
Nº do documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou número de identidade de estranxeiro (NIE)	

2. DATOS DO REPRESENTANTE (só en caso de actuar mediante representación)

Apelidos	Nome
Nº do documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou número de identidade de estranxeiro (NIE)	

3. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE

Solicitud de homologación do título de:
Outorgado pola Universidade / Centro de educación superior de (<i>denominación, localidade e país</i>):
Ao título universitario español de:

4. DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN

Para efectos de notificacións o interesado / representante (<i>riscar o que non proceda</i>) sinala o seguinte domicilio:		
Avda., rúa ou praza e número	Localidade	Código postal
Provincia	País	Teléfono

Esta solicitude realízase ao abeiro do establecido no Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (*Boletín Oficial del Estado* do 4 de marzo de 2004), e **xúntanse os documentos relacionados no dorso.**

Lugar e data	Sinatura

EXCMO. SR. MINISTRO DE EDUCACIÓN E CIENCIA**Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións****Paseo del Prado, 28. 28071-Madrid**

**SOLICITUDE DE HOMOLOGACIÓN DE TÍTULO ESTRANXEIRO
DE EDUCACIÓN SUPERIOR A UN TÍTULO ESPAÑOL DO CATÁLOGO DE TÍTULOS
UNIVERSITARIOS OFICIAIS**

Páx. 2 (reverso)

NOME DO SOLICITANTE:

DOCUMENTOS que se xuntan a esta solicitude (de acordo coa Orde ... , *Boletín Oficial del Estado* do ...)

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada do documento que acredite a identidade e nacionalidade do solicitante, expedido polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia ou polas autoridades españolas competentes en materia de estranxeiría. No caso dos cidadáns españois, fotocopia compulsada do documento nacional de identidade. | |
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada do título cuxa homologación se solicita. | <input type="checkbox"/> Tradución oficial (se é o caso) |
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada da certificación académica dos estudos realizados polo solicitante para a obtención do título cuxa homologación se solicita. | <input type="checkbox"/> Tradución oficial (se é o caso) |
| <input type="checkbox"/> Memoria explicativa da tese (só para homologación a doutor). | |
| <input type="checkbox"/> Exemplar da tese (só para a homologación a doutor) | |
| <input type="checkbox"/> Acreditación do pagamento da taxa , de acordo co artigo 28 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (BOE do 31). | |
| <input type="checkbox"/> Outros (<i>especificar</i>): | |

Notificación telemática:

- Sinalar este recadro no caso de opción pola **notificación por medios telemáticos** a que se refire o capítulo IV do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado (BOE do 29), en redacción dada polo Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, que regula os rexistros e as notificacións telemáticas (BOE do 28), desenvolvido pola Orde PRE/1551/2003, do 10 de xuño (BOE do 13).
- Esta opción queda condicionada á efectiva implantación no departamento do sistema a que se refire o dito real decreto e as súas normas de desenvolvemento, e require dispor do **endereço electrónico único**, proporcionado por un prestador do servizo de endereço electrónico único de acordo coa Orde PRE/1551/2003, do 10 de xuño (BOE do 13) e construído a partir dun endereço electrónico cuxa titularidade corresponde ao Ministerio de Administracións Públicas. **Non se admitirán enderezos de correo electrónico que non cumpran cos ditos requisitos como endereço electrónico único.**

Endereço electrónico único:

Lugar e data	Sinatura

ANEXO II

De conformidade co disposto no Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 4 de marzo), o ministro de Educación e Ciencia acordou:

Que o título de (título estranxeiro), obtido por (nome e apelidos), nacido o (data de nacemento), de nacionalidade (...), na (universidade ou centro de educación superior) de (localidade e país) quede homologado ao título universitario oficial español de (título co cal se concede a homologación), cos mesmos efectos deste en todo o territorio nacional.

Na súa virtude, a Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións expide esta credencial, que acredita os efectos da dita homologación desde a súa data de expedición.

Madrid, de de
O subdirector xeral.—Asdo.:

(N. de inscrición na sección especial do Rexistro Nacional de Títulos)

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

19395 REAL DECRETO 2182/2004, do 12 de novembro, polo que se crea o Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral. («BOE» 276, do 16-11-2004.)

O artigo 45 da Constitución española establece que todos teñen o dereito a desfrutar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e o deber de conservalo.

A actuación dos poderes públicos na protección do ambiente debe ser particularmente intensa naqueles supostos en que o perigo para este se pon de manifesto con maior frecuencia. É o caso do transporte de mercaderías e, en especial, do transporte marítimo de mercaderías altamente contaminantes como son os hidrocarburos. O tránsito por augas baixo a xurisdición española de buques potencialmente contaminantes é especialmente intenso, o que, unido ás adversas condicións climatolóxicas frecuentes de determinadas zonas, converteu as nosas costas en especialmente sensibles na materia, con numerosos antecedentes de sinistros que ocasionaron unha grave contaminación.

As consecuencias deste tipo de sinistros chegan a transcender do plano interno, e requiren actuacións no nivel internacional e implican o conxunto das administracións públicas.

Por outra parte, o carácter multifactorial das actuacións que se deben pór en marcha indica a necesidade de contar cun centro, con vocación de permanencia, que asuma a tarefa de coordinar as actuacións dos diferentes órganos da Administración xeral do Estado con competencias na materia.

En consecuencia, o centro asumirá a dobre misión de, por unha parte, coordinar a actuación da Administración xeral do Estado e, por outra, cooperar activamente e de maneira eficaz coas comunidades autónomas e corporacións locais, mediante os mecanismos que a tal fin se establezan.

Finalmente, o proxecto supón a supresión dos órganos creados para atender as necesidades derivadas da catástrofe do buque «Prestige». Non obstante, ata que se

finalice o proceso de pagamento das compensacións económicas derivadas dos danos ocasionados por esta catástrofe, o Ministerio de Economía e Facenda seguirá exercendo, transitoriamente, as funcións relacionadas co aboamento das correspondentes indemnizacións.

Na súa virtude, por iniciativa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, por proposta do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de novembro de 2004,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Creación do Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.*

Para levar a cabo a coordinación das actuacións da Administración xeral do Estado e a colaboración coas comunidades autónomas e as corporacións locais en materia de prevención e loita contra a contaminación derivada do tráfico marítimo, créase no Ministerio da Presidencia o Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.

Artigo 2. *Dependencia e nomeamento.*

1. O centro constitúese como unha dirección xeral, con sede na Coruña, dependerá directamente do titular do ministerio e exerce as súas funcións en coordinación cos departamentos ministeriais competentes na materia e en colaboración coas restantes administracións territoriais.

2. O seu titular será nomeado por real decreto do Consello de Ministros, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia.

Artigo 3. *Funcións.*

Son funcións do Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral as seguintes:

a) Analizar os plans e protocolos vixentes de actuación en situacións de crise, co obxecto, se é o caso, de formular propostas para a elaboración dun plan integral de continxencias no referido a actuacións no mar, en cuxa elaboración participarán activamente as comunidades autónomas e corporacións locais mediante os instrumentos que, en cada caso, se consideren oportunos, no marco das súas respectivas competencias.

b) Realizar e actualizar un inventario de medios humanos e materiais necesarios para manter unha adecuada prevención de riscos de contaminación no mar e, se é o caso, valorar, conxuntamente cos responsables da prestación directa do servizo, a necesidade de propor a súa mellora en termos cuantitativos e cualitativos.

c) Elaborar un censo de buques que transporten habitualmente substancias potencialmente perigosas e/ou contaminantes, para facilitar o seu seguimento polas autoridades marítimas competentes.

d) Colaborar coa Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR), para potenciar as actuacións dos centros de salvamento existentes, referidas, especificamente, á loita contra a contaminación provocada por accidentes ou incidentes no tráfico marítimo, no marco do Plan nacional de servizos especiais de salvamento da vida humana no mar e da loita contra a contaminación do medio mariño.

e) Elaborar un plan integral de formación sobre prevención e loita contra a contaminación.

f) Recompilar información sobre sinistros marítimos, consecuencias e medidas adoptadas, para a súa incorporación a unha base de datos sobre antecedentes e expe-